



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2019/2020

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0376	Implantación de aplicacións web	2019/2020	0	122	0
MP0376_22	Adaptación de aplicacións web	2019/2020	0	73	0
MP0376_12	Instalación e xestión de aplicacións web	2019/2020	0	49	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ENRIQUE AGRASAR MARTÍNEZ, MARCOS ARIAS QUINTELA, OLGA CUERVO MIGUÉLEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0376_12) RA1 - Prepara o contorno de desenvolvemento e os servidores para aplicacións web instalando e integrando as funcións necesarias.
(MP0376_22) RA1 - Xera documentos web utilizando linguaxes de guións de servidor.
(MP0376_12) RA2 - Selecciona e implanta xestores de contidos e establece a configuración dos seus parámetros.
(MP0376_22) RA2 - Xera documentos web con acceso a bases de datos utilizando linguaxes de guións de servidor.
(MP0376_22) RA3 - Realiza modificacións en xestores de contidos adaptando a súa aparencia e funcionalidade.
(MP0376_12) RA4 - Xestiona aplicacións de ofimática web integrando funcións, de xeito que se asegure o acceso á información.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0376_22) CA1.1 Identifícanse as linguaxes de guións de servidor máis salientables.
(MP0376_12) CA1.1 Identifícase o software necesario para a instalación de aplicacións web e o seu funcionamento.
(MP0376_22) CA1.2 Recoñeceuse a relación entre as linguaxes de guións de servidor e as linguaxes de marcas utilizadas nos clientes.
(MP0376_12) CA1.2 Identifícanse as tecnoloxías empregadas polas aplicacións web.
(MP0376_22) CA1.3 Recoñeceuse a sintaxe básica dunha linguaxe de guións concreta.
(MP0376_22) CA1.4 Utilizáronse estruturas de control da linguaxe.
(MP0376_12) CA1.4 Recoñecéronse as posibilidades de procesamento nos contornos cliente servidor.
(MP0376_22) CA1.5 Definíronse e utilizáronse funcións.
(MP0376_12) CA1.9 Documentáronse os procedementos realizados.
(MP0376_22) CA2.1 Identifícanse os sistemas xestores de bases de datos máis utilizados en contornos web.
(MP0376_12) CA2.1 Valorouse o uso e a utilidade dos xestores de contidos.
(MP0376_12) CA2.2 Clasificáronse os xestores de contidos segundo a funcionalidade principal do sitio web que permitan xestionar.
(MP0376_12) CA2.4 Diferenciáronse as súas características (uso, licenza, etc.).
(MP0376_22) CA2.4 Creáronse bases de datos e táboas no xestor utilizando a linguaxe de guións.
(MP0376_22) CA3.1 Identifícase a estrutura de directorios do xestor de contidos.
(MP0376_22) CA3.2 Recoñeceuse a funcionalidade dos ficheiros que utiliza e a súa natureza (código, imaxes, configuración, etc.).
(MP0376_22) CA3.3 Seleccionáronse as funcionalidades que cumpra adaptar e incorporar.



Criterios de avaliación do currículo
(MP0376_22) CA3.4 Identificáronse os recursos afectados polas modificacións.
(MP0376_22) CA3.7 Documentáronse os cambios realizados.
(MP0376_12) CA4.1 Recoñeceuse a utilidade das aplicacións de ofimática web.
(MP0376_12) CA4.2 Clasificáronse segundo a súa funcionalidade e as prestacións específicas.
(MP0376_12) CA4.9 Elaborouse documentación relativa ao uso e á xestión das aplicacións.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0376_12) RA1 - Prepara o contorno de desenvolvemento e os servidores para aplicacións web instalando e integrando as funcións necesarias.
(MP0376_22) RA1 - Xera documentos web utilizando linguaxes de guións de servidor.
(MP0376_22) RA2 - Xera documentos web con acceso a bases de datos utilizando linguaxes de guións de servidor.
(MP0376_12) RA2 - Selecciona e implanta xestores de contidos e establece a configuración dos seus parámetros.
(MP0376_22) RA3 - Realiza modificacións en xestores de contidos adaptando a súa aparencia e funcionalidade.
(MP0376_12) RA3 - Administra xestores de contidos e adáptaos aos requisitos, de xeito que se garanta a integridade da información.
(MP0376_12) RA4 - Xestiona aplicacións de ofimática web integrando funcións, de xeito que se asegure o acceso á información.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0376_12) CA1.1 Identificouse o software necesario para a instalación de aplicacións web e o seu funcionamento.
(MP0376_22) CA1.2 Recoñeceuse a relación entre as linguaxes de guións de servidor e as linguaxes de marcas utilizadas nos clientes.
(MP0376_12) CA1.2 Identificáronse as tecnoloxías empregadas polas aplicacións web.
(MP0376_12) CA1.3 Instaláronse e configuráronse servidores web e de bases de datos.
(MP0376_22) CA1.3 Recoñeceuse a sintaxe básica dunha linguaxe de guións concreta.
(MP0376_12) CA1.4 Recoñecéronse as posibilidades de procesamento nos contornos cliente servidor.
(MP0376_22) CA1.4 Utilizáronse estruturas de control da linguaxe.
(MP0376_22) CA1.5 Definíronse e utilizáronse funcións.
(MP0376_12) CA1.5 Engadíronse e configuráronse os compoñentes e os módulos necesarios para o procesamento de código no servidor.
(MP0376_22) CA1.6 Utilizáronse formularios para introducir información.



Criterios de avaliación do currículo

(MP0376_12) CA1.6 Instalouse e configurouse o acceso a bases de datos.

(MP0376_22) CA1.7 Establecéronse e usáronse mecanismos para asegurar a persistencia da información entre distintos documentos web relacionados.

(MP0376_12) CA1.7 Estableceuse e verificouse a seguridade nos accesos ao servidor.

(MP0376_12) CA1.8 Utilizáronse plataformas integradas orientadas á proba e ao desenvolvemento de aplicacións web.

(MP0376_22) CA1.8 Identificáronse e aseguráronse os usuarios que acceden ao documento web.

(MP0376_12) CA1.9 Documentáronse os procedementos realizados.

(MP0376_22) CA1.9 Verificouse o illamento do contorno específico de cada usuario.

(MP0376_22) CA2.2 Verificouse a integración dos sistemas xestores de bases de datos coa linguaxe de guións de servidor.

(MP0376_22) CA2.3 Configurouse na linguaxe de guións a conexión para o acceso ao sistema xestor de base de datos.

(MP0376_12) CA2.3 Instaláronse diversos tipos de xestores de contidos.

(MP0376_22) CA2.4 Creáronse bases de datos e táboas no xestor utilizando a linguaxe de guións.

(MP0376_22) CA2.5 Obtívose e actualizouse a información almacenada en bases de datos.

(MP0376_12) CA2.5 Personalizáronse e configuráronse os xestores de contidos.

(MP0376_22) CA2.6 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso dos usuarios á información das bases de datos.

(MP0376_12) CA2.6 Activáronse e configuráronse os mecanismos de seguridade proporcionados polos propios xestores de contidos.

(MP0376_22) CA2.7 Verificouse o funcionamento e o rendemento do sistema.

(MP0376_12) CA2.7 Realizáronse probas de funcionamento.

(MP0376_12) CA2.8 Publicáronse os xestores de contidos.

(MP0376_12) CA3.1 Adaptáronse e configuráronse os módulos do xestor de contidos.

(MP0376_12) CA3.2 Creáronse e xestionáronse usuarios con distintos perfís.

(MP0376_22) CA3.3 Seleccionáronse as funcionalidades que cumpra adaptar e incorporar.

(MP0376_12) CA3.3 Integráronse módulos atendendo a requisitos de funcionalidade.

(MP0376_22) CA3.4 Identificáronse os recursos afectados polas modificacións.

(MP0376_12) CA3.4 Realizáronse copias de seguridade.

(MP0376_22) CA3.5 Modificouse o código da aplicación para incorporar novas funcións e adaptar outras existentes.

(MP0376_12) CA3.5 Importáronse e exportáronse contidos en distintos formatos.

(MP0376_22) CA3.6 Verificouse o correcto funcionamento dos cambios realizados.



Criterios de avaliación do currículo

(MP0376_12) CA3.6 Xestionáronse patróns.

(MP0376_22) CA3.7 Documentáronse os cambios realizados.

(MP0376_12) CA3.7 Integráronse funcións de sindicación.

(MP0376_12) CA3.8 Realizáronse actualizacións.

(MP0376_12) CA3.9 Obtivéronse informes de acceso.

(MP0376_12) CA4.3 Instaláronse aplicacións de ofimática web.

(MP0376_12) CA4.4 Configuráronse as aplicacións para as integrar nunha intranet.

(MP0376_12) CA4.5 Xestionáronse as contas de usuario.

(MP0376_12) CA4.6 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso dos usuarios.

(MP0376_12) CA4.7 Usáronse as aplicacións de xeito cooperativo.

(MP0376_12) CA4.8 Realizáronse copias de seguridade.

(MP0376_12) CA4.9 Elaborouse documentación relativa ao uso e á xestión das aplicacións.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

UD1. Instalación de servidores de aplicacións web.

Identificar o software necesario para a intalación e o funcionamento de aplicacións web.

Identificar as distintas tecnoloxías empregadas polas aplicacións web.

Instalar e configurar servidores web e de bases de datos.

Establecer a planificación de tarefas, analizando actividades e cargas de traballo do sistema para xestionar o mantemento.

Identificar os cambios tecnolóxicos, organizativos, económicos e laborais na súa actividade, analizando as súas implicacións no ámbito de

traballo, para resolver problemas e manter unha cultura de actualización e innovación.

Recoñecer as posibilidades de procesamento nos contornos cliente servidor.

Engadir e configurar os compoñentes e os módulos necesarios para o procesamento de código no servidor.

Instalar e configurar o acceso a bases de datos.

Establecer e verificar a seguridade nos accesos ao servidor.

Utilizar plataformas integradas orientadas á proba e ao desenvolvemento de aplicacións web.

Documentar os procedementos realizados na instalación de servidores de aplicacións web.

Instalar e administrar software de xestión, relacionándoo coa súa explotación, para implantar e xestionar bases de datos.



UD2. Instalación de servidores de xestores de contidos.

Valorar o uso e a utilidade dos xestores de contidos.

Clasificar os xestores de contidos segundo a funcionalidade principal do sitio web que permitan xestionar.

Instalar diversos tipos de xestores de contidos.

Diferenciar as súas características (uso, licenza, etc.).

Personalizar e configurar os xestores de contidos.

Activar e configurar os mecanismos de seguridade proporcionados polos propios xestores de contidos.

Realizar probas de funcionamento.

Publicar os xestores de contidos.

UD3. Administración de xestores de contidos.

Crear e xestionar usuarios con distintos perfís.

Adaptar e configurar módulos do xestor de contidos.

Integrar módulos no xestor de contidos, atendendo a requisitos de funcionalidade.

Realizar copias de seguridade.

Importar e exportar contidos en distintos formatos.

Xestionar patróns de aparencia.

Integrar funcións de sindicación.

Realizar actualizacións.

Obter informes de acceso.

UD4. Implantación de aplicacións de ofimática web.

Recoñecer a utilidade das aplicacións de ofimática Web 2.0.

Clasificar as aplicacións Web 2.0 segundo a súa funcionalidade e as prestacións específicas.

Instalar aplicacións de ofimática Web 2.0.

Configurar as aplicacións Web 2.0 para as integrar nunha intranet.

Xestinar as contas de usuario.

Aplicar criterios de seguridade no acceso dos usuarios.

Empregar as aplicacións para cooperar no traballo.

Realizar copias de seguridade.

Elaborar documentación relativa ao uso e á xestión das aplicacións Web 2.0.

UD5. Programación de documentos web utilizando linguaxes de script de servidor.

Identificar as linguaxes de guións de servidor máis salientables.

Recoñecer a relación entre as linguaxes de guións de servidor e as linguaxes de marcas utilizadas nos clientes.

Recoñecer a sintaxe básica dunha linguaxe de guións concreta.

Utilizar estruturas de control da linguaxe: condicións e bucles.

Definir e usar funcións, tanto predefinidas como definidas polo usuario.

Codificar formularios para introducir información.

Establecer e usar o control de acceso entre distintos documentos web relacionados.

Identificar e asegurar os usuarios que acceden ao documento web.

Verificar o illamento do contorno específico de cada usuario.

UD6. Acceso a bases de datos desde linguaxes de script de servidor.

Identificaron os sistemas xestores de bases de datos máis utilizados en contornos web.



Verificar a integración dos sistemas xestores de bases de datos coa linguaxe de guións de servidor.
Configurar na linguaxe de guións a conexión para o acceso ao SXBD.
Crear bases de datos e táboas no xestor utilizando a linguaxe de guións.
Obter e actualizar a información almacenada en bases de datos.
Aplicar criterios de seguridade no acceso dos usuarios á información das bases de datos.
Verificar o funcionamento e o rendemento do sistema.

UD7. Adaptación de xestores de contidos.

Identificar a estrutura de directorios do xestor de contidos.
Recoñecer a funcionalidade dos ficheiros que utiliza o xestor de contidos e a súa natureza (código, imaxes, configuración, etc.).
Seleccionar as funcionalidades que cumpra adaptar e incorporar.
Identificar os recursos afectados polas modificacións.
Modificar o código da aplicación para incorporar novas funcións e adaptar outras existentes.
Verificar o correcto funcionamento dos cambios realizados.
Documentar os cambios realizados

AVALIACIÓN

A avaliación positiva acadarase despois de superar no proceso de avaliación dúas partes dunha proba que terá cada unha delas carácter eliminatorio. A persoa aspirante terá que acadar como mínimo un cinco en cada unha das partes para obter unha valoración positiva.
A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros entre un e dez, redondeada á unidade máis próxima.
As persoas candidatas que non superen a primeira parte da proba será cualificadas na segunda parte cun cero.
No caso das persoas aspirantes que superando a primeira parte suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima final que se lle poderá asignar será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita que poderá combinar preguntas tipo test, preguntas de encher e/ou preguntas de exposición. As preguntas tipo test e de encher puntuarán en negativo en caso de erro. Cada pregunta tipos test e/ou de encher, si é respondida, será corrixida como correcta ou como errónea. O peso de cada pregunta e a valoración negativa comunicarase ás persoas candidatas ao inicio da proba.
A proba abordará a maior parte dos contidos sinalados nesta programación.
Instrumentos necesarios: bolígrafo de cor azul ou negra. Non se admiten cinta nin fluídos correctores nin calculadoras. Non será corrixido ningún exercicio feito a lapis.
Aqueles exercicios que non estean perfectamente identificados non serán corrixidos.
Queda totalmente prohibido o uso de teléfonos móbiles e de calquera outros dispositivos electrónicos, sexan ou non de comunicacións, tendo en conta que deberán estar totalmente apagados.



4.b) Segunda parte da proba

Consistirá na resolución de distintas cuestións dun ou varios supostos prácticos baseados no currículo.

A proba tentará abordar a maior parte dos contidos sinalados nesta programación. O número de contidos virá determinado polo tempo dispoñible que é finito.

Instrumentos necesarios: Traballarase con Apache, MySQL, PHP, plataformas XAMPP, WAMPP ou LAMPP e Moodle e/ou Joomla sobre S.O. Ubuntu e/ou Windows. Os

aspirantes deben ser quen de configurar os contornos, para logo dar resposta as cuestións propostas. Necesitará utilizar un sistema de virtualización, en

concreto Oracle VM Virtualbox. Tanto o ordenador como o software necesario serán proporcionados polo centro.

Nalgúns casos as respostas serán dadas mediante capturas de pantalla, cos pertinentes comentarios.

Aqueles exercicios que non estean perfectamente identificados non serán corrixidos.

Queda totalmente prohibido o uso de teléfonos móbiles e de calquera outros dispositivos electrónicos, sexan ou non de comunicacións, tendo en conta que

deberán estar totalmente apagados.